

Xoves, 5 de febreiro de 2026

Núm. 24

ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

Subvencións e axudas

EXTRACTO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA DO 26 DE DECEMBRO DE 2025 POLO QUE SE APROBAN A CONVOCATORIA E AS BASES DE SUBVENCIÓN DIRIXIDAS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA ACTUACIÓN NO ÁMBITO SOCIAL EN 2026

BDNS(Identif.):884959

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións

(<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/884959>)

1. Obxecto

Estas bases teñen por obxecto regular o procedemento e aprobar a convocatoria para a concesión de subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para actividades e proxectos de índole social que se desenvolvan na provincia de Pontevedra durante o exercicio de 2026, destinados a colectivos que, polas súas circunstancias persoais, psíquicas, físicas, socioeconómicas ou de natureza análoga, se atopen en situación de risco ou vulnerabilidade social.

2. Financiamento, contías e límites

2.1. A contía prevista para esta convocatoria de subvencións, con cargo á aplicación 26/231.2313.480.02 do Orzamento xeral da Deputación para o ano 2026, ascende a seiscentos mil euros (600.000,00 €).

2.2. Só se concederá unha subvención por entidade. O importe máximo da subvención para cada actuación non poderá exceder o 80 % do seu orzamento nin a cantidade de oito mil euros (8.000,00 €).

3. Entidades beneficiarias e requisitos

Poderán solicitar estas axudas as entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro que cumpran os requisitos establecidos na base cuarta.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:21WE5L9S7WL7O14



Xoves, 5 de febreiro de 2026

Núm. 24

4. Presentación de solicitudes e prazo

4.1. As solicitudes e a documentación complementaria presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do procedemento específico dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal/web/public/catalog-detail/64849178>), de acordo co establecido nos artigos 14.2 e 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).

4.2. O prazo para presentar as solicitudes será dun (1) mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación das bases e do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e na BDNS.

5. Outros datos de interese

- Gastos subvencionables: aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada, segundo o recollido na base quinta.
- Documentación complementaria: a establecida na base décima. Non presentar o proxecto constituirá un defecto non emendable, e a solicitude non se admitirá a trámite ao ser esencial para a tramitación das solicitudes.
- Criterios de valoración: os establecidos na base décimo segunda da convocatoria.
- Compatibilidade: si.
- Forma de xustificación: mediante a documentación requirida na base décimo sétima da convocatoria.
- Forma de pagamento: transferencia.
- Prazo máximo de xustificación: ata o 31 de xaneiro de 2027 (este incluído).

Pontevedra, 04/02/2026

O presidente, Luis López Diéguez

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:21WE5L9S7WLU7OI4

